

En ascensor ata o sétimo

Un home vive no décimo andar dun edificio. Cada día toma o ascensor ata o baixo para dirixirse ao traballo ou ir de compras. Cando regresa, sempre sobe no ascensor ata o sétimo e logo pola escaleira os restantes andares ata o seu apartamento.

Aforcado misteriosamente

Nun alpendre de madeira completamente baleiro atopouse un home colgado do centro da viga do medio. A soga coa que se aforcou mide tres metros e os pés pendían a trinta centímetros do chan. As paredes están a seis metros e son totalmente lisas.

A frustración fixo que deixase de correr

Un home alancou desesperadamente por un corredor, cuns papeis na man. Pero, de súpeto, ocorreu algo nas luces do edificio e, entón, tirou os folios ao chan.

O carteiro Rafa atopou a Vicente morto no soto da súa casa

Rafa explicou que sospeitara que algo lle ocorrera, pois Vicente non recollera o correo o día anterior. Atopouno cunha gran mancha de sangue na cabeza, ao pé da cámara frigorífica. Parecía como se caese contra unha das súas esquinas. Rafa tiña sangue na manga, debido seica a que examinou o corpo antes de avisar a policía. Segundo esta, a temperatura do corpo indicaba que a morte ocorrera había doce horas, cando Rafa estaba ben lonxe de alí.

Josep enlouquece tras tomar sopa de albatros

Nunha pequena vila costeira, Josep e Jonathan, que acababan de chegar despois de sufrir un naufraxio, entraron nun restaurante e pediron sopa de albatros. Josep, que é cego, non ben a probou, entoleceu e quixo suicidarse.

Unha familia sofre dúas perdas consecutivas

Mentres asistía ao funeral da súa nai, unha muller viu un descoñecido que lle pareceu enormemente atractivo. Nos días seguintes non foi quen de quitalo da cabeza, namorárase. Pero non tivera oportunidade de falar con el, nin o volveu ver, nin ningunha das persoas ás que lles preguntou sabía darlle algún dato. Uns días máis tarde, atopan morta a tía dela.

Unha magnífica e estraña foto

Un paisano paseaba pola praia coa súa máquina fotográfica cando viu ao lonxe un xentío. Achegouse, meteuse entre a xente e colocouse en primeira fila. O que viu tiña que recollelo coa súa cámara e non perdeu a ocasión. A foto amosaba tres mozas, dúas sorrindo pero con aspecto triste; a terceira chorando, pero semellaba feliz.

Agradece que lle apunten con pistola

Un home entrou nun bar e pediulle ao camareiro un vaso de auga. O barman axeonllouse buscando algo, sacou unha arma e apuntoulle ao home que lle acaba de falar. Este díxolle "grazas" e foise tranquilo.

Atopado morto con paquete

Un descoñecido apareceu morto nun campo solitario, ao que ninguén entrara nos últimos días. Localizouno un garda forestal. Ao seu lado, un paquete sen abrir.